



CONCELLO DE  
OLEIROS

## Certificado

**Marcos Veiga Rodríguez**, secretario accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

### CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2026, adoptouse o acordo seguinte:

**“Punto 4.- Adopción de acordo en orde á concesión de subvención directa, por razóns de interese público e social, ó Judo Club Oleiros para a organización do Torneo Escolar de Judo ano 2026**

#### I. Exposición de motivos

Desde hai moitos anos, vense organizando por parte do Concello de Oleiros unha liga de judo composta por 4 xornadas de competición, e na cal participan clubs de toda Galicia con judokas que van desde os 10 ata os 17 anos de idade.

Esta actividade atópase incluída na programación deportiva do Concello de Oleiros desde hai máis de 20 anos e para elo sempre se contou coa colaboración en determinados aspectos da organización coa entidade local do *Judo Club Oleiros*, única entidade desta disciplina deportiva que hai no municipio.

Nesta actividade existen gastos organizativos (ambulancias e técnicos sanitarios de emerxencia, servizo médico, deseño e adquisición de trofeos e medallas para os participantes no evento, seguro de accidentes, etc) que o Servizo Municipal de Deportes (en diante SMD) contrata a empresas de servizos. Pero tamén son imprescindibles certos servizos máis especializados, como son: a disposición, montaxe e desmontaxe de tatamis, xuíces de competición, cronometradores de combate, comentarista, etc.

Ata o momento, os ditos servizos contratábanse –dada a súa escasa contía- mediante o procedemento de contrato menor, solicitando orzamentos a varias empresas de servizos, incluíndo ao propio *Judo Club Oleiros*, posto que somos coñecedores de que ademais de ser unha entidade especializada na materia, dispón dos medios suficientes para facelo cunha calidade óptima e cunhas condicións moito máis vantaxosas economicamente que as que podería presentar calquera empresa de servizos. Porén, durante moitos anos, só o Judo Club Oleiros respostou á nosa solicitude de ofertas.

No presente ano, á vista das indicacións da Intervención Municipal de que sería máis axeitado tramitar o expediente como unha subvención ao propio club, ao consideralo organizador do evento, óptase por plantexalo deste xeito, propoñendo a concesión dunha subvención directa, onde se inclúan os gastos da prestación de servizos que habitualmente se lle contrataban a este club.

#### II. Antecedentes

1.- En data 19/01/2026 esta Tenente de alcalde emite unha providencia na que ordena que se inicie o procedemento para a concesión dunha subvención por razón de interese público e social ao JUDO CLUB OLEIROS por importe de 5.320,00 euros, para a coordinación e xestión do Torneo escolar de judo Concello de Oleiros no ano 2026, e solicitouse da Unidade xurídica se emita o informe xurídico relativo ao procedemento e ao contido necesario do acordo de concesión.

2.- Comunicada a dita providencia á entidade interesada, esta presenta na mesma data unha solicitude de concesión, xunto cunha declaración responsable relativa a varios aspectos necesarios para a mesma (Registro Entrada nº 2026000931).

3.- En data 20/01/2026 emítese informe xurídico relativo ao procedemento a seguir.

#### III. Fundamentos.

1º.- Circunstancias que xustifican as condicións excepcionais para a concesión da subvención

a) Interese deportivo.- Trátase dunha Liga, que aínda dentro ámbito federado, permite a participación de judokas de moi diverso nivel deportivo, sendo para moitos destes deportistas unha das poucas oportunidades que teñen de asistir a un evento competitivo adaptado para o seu nivel.





CONCELLO DE  
OLEIROS

b) Interese social.- debido ao arraigo social do judo no concello, esta liga ten un grande seguimento por parte dos deportistas de base que comezan a practicar judo na casas do pobo, actividades extraescolares ou locais municipais.

c) Singularidades da organización: A organización desta actividade precisa dunhas determinadas prestacións técnicas que son moi complicadas ou mesmo imposibles de conseguir mediante empresas de servizos, ( xuíces de judo, cronometradores, etc...). Por ese motivo a participación dunha entidade deportiva vinculada ao judo faise moi necesaria ou mesmo imprescindible. O Judo Club Oleiros é o único club deportivo rexistrado en Oleiros adicado a esta disciplina deportiva, polo cal non cabe facer unha convocatoria aberta para este obxecto.

2º.- Documentación

a) Xunto coa solicitude, a entidade solicitante aportou unha declaración responsable do Presidente referida aos seguintes aspectos:

✓ Declaración acreditativa de non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvención previstas no artigo 13 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

✓ Declaración acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social así como co Concello de Oleiros, e que autoriza a este a solicitar de oficio as consultas de atoparse ao día nas mesmas.

✓ Declaración de que a entidade sométese ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Oleiros poda acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

✓ Declaración de que a entidade se compromete a difundir na publicidade das actividades subvencionadas o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Oleiros do xeito establecido no acordo de concesión.

✓ Declaración de que a entidade comprométese a facer en galego a publicidade das actividades para as que solicita subvención.

✓ Declaración de que todo o persoal que por conta da entidade imparte, realiza ou colabora nas actividades subvencionadas que impliquen contacto habitual con menores cumpre o requisito previsto no artigo 57 da *Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia*.

b) Incorporáronse ao expediente informes da TGSS, da AEAT e da Recadación Municipal, relativos a que dita entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Con base nos antecedentes e fundamentos sinalados, PROPONSE á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro.-** Conceder ao JUDO CLUB OLEIROS con CIF G15686074, unha subvención directa por razón de interese social de 5.320,00 euros para a coordinación e xestión do Torneo escolar de judo Concello de Oleiros no ano 2026.

**Segundo.-** Autorizar e dispoñer un gasto de 5.320,00 euros para a finalidade sinalada.

**Terceiro.-** As condicións desta subvención son as seguintes:

**1. Obxecto:** O obxecto da subvención é a coordinación e xestión da Liga Escolar de Judo de 2026, sendo conceptos subvencionables os seguintes:

- a) Xuíces/árbitros de competición
- b) Cronometradores de combate
- c) Montaxe e desmontaxe de tatamis
- d) Aluguer de marcadores de tanteo de combate específicos de judo
- e) Comentarista

Non se inclúen nesta subvención os gastos de trofeos, ambulancias e persoal sanitario.

**2. Aplicación orzamentaria:** 81.341.48901 (*Deportes.Prom e fom.Outras transferencias a entidades sen fin de lucro*).





CONCELLO DE  
OLEIROS

**3. Compatibilidade:** Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

**4. Pagamento:** O pagamento efectuarase unha vez aprobada a xustificación da subvención.

**5. Obrigas da entidade subvencionada:**

a) Coordinar e realizar as tarefas necesarias para levar a cabo a Liga escolar de judo, e particularmente as seguintes:

- Organizar o calendario de competición.
- Realizar as montaxes dos tatamis necesarios para realizar as competicións, así como a desmontaxe correspondente unha vez rematada cada xornada.
- Achegar o persoal necesario para as funcións de xuíces de competición e cronometradores en cada xornada.
- Dispoñer dun comentarista con experiencia na actividade de judo, para as correspondentes indicacións aos participantes e información ao público por medio do equipo de son do pavillón .
- Xestionar co resto de clubs as pesaxes de judokas na comprobación de peso.

b) **Publicidade:** Facer constar na totalidade da publicidade que realice da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros, sinalando o importe e o concepto. A estes efectos, deberá publicitar nas súas redes sociais e/ou páxina web a concesión da subvención, concepto e importe no momento que o coñezan. Asemade, deberá incluír nos elementos sinaladores na propia realización da proba (carteis, banners, carpas, etc) o logo do Concello de Oleiros.

c) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.

d) Presentación dunha memoria final relativa á participación, xornadas, resultados e clasificación final do evento.

e) Presentar a conta xustificativa no prazo e do xeito que sinala no parágrafo seguinte.

**6. Xustificación:**

a) O prazo de xustificación da axuda será de DOUS MESES contados a partir da data en que se dispute a última xornada.

b) A conta xustificativa constará dos seguintes documentos:

- Memoria xustificativa da realización da actividade.
- Declaración responsable do Presidente de que os fondos percibidos foron destinados ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.
- Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
- Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados e o xustificante de telos aboado.
- Acreditación da publicidade feita.

**Cuarto.-** O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento.

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o artigo 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretario accidental, na data que figura na propia sinatura deste documento.-

